

# CEIP Apóstolo Santiago

## Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
  - 1.1. Datos básicos do centro
  - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo
  - 1.4. Proceso de elaboración
  
2. **Situación de partida**
  - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
  - 2.3. Análise DAFO
  
3. **Plan de Acción**
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
  - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
  
4. **Avaliación do PD**
  - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
  
5. **Difusión do PD**

# 1. Introducción

## Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP Apóstolo Santiago.
- Dirección: Rúa Proxecto Vagalume
- Correo: [ceip.apostolo.santiago@edu.xunta.gal](mailto:ceip.apostolo.santiago@edu.xunta.gal)
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipapostolosantiago/taxonomy/term/108>
- Etapas educativas: Dende 4º de Educación Infantil a 6º de Educación Primaria.
- Número de alumando: 218
- Número de profesorado: 21

## Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

En canto ao nivel socioeconómico e cultural do alumnado cabe destacar que é moi heteroxéneo e oposto, mentres que hai familias nas que ambos proxenitores traballan, noutras atopámonos con situación de desemprego ou traballos de pouca duración. Este factor inflúe no nivel cultural do alumnado, que polo xeral é medio, aínda que nalgúns casos baixo.

En canto o alumnado que recibe provén dos barrios próximos, de zonas máis distantes que están na nosa zona de escolarización e empregan transporte escolar e de lugares de fóra de zona de escolarización que son transportados polas súas familias. Nos últimos anos destacaremos a incorporación de alumnado de escolarización tardía, debido a baixa matrícula que había, o cal proporcionou ao centro unha das súas características actuais, a multiculturalidade e o incremento de alumnado con NEAE.

Debido a actual sociedade dixital de constantes cambios na que vivimos os centros educativos é necesario actualizarse constantemente polo que as mestras/es debemos dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade para formar aos nosos alumnos/as de cara ao futuro para desenvolverse adecuadamente nunha contorna dixitalizada.

Precisamos dunha transformación da educación e formación que garanta a adquisición e desenvolvemento das competencias dixitais dunha forma adecuada. Tamén é de suma importancia que as organizacións revisen os seus plans e as súas estratexias para mellorar a innovación dos centros educativos e sacar o máximo rendemento das tecnoloxías dixitais.

O CEIP Apóstolo Santiago sempre tivo a iniciativa de apostar polo desenvolvemento das tecnoloxías dixitais desde que comezou a contemplarse este aspecto nos centros educativos. Os proxectos nos que o Centro participa son os seguintes:

- Abalar
- E-dixgal
- Proxecto Compostela
- Plan Proxecta
- Plan Tic
- Plambe
- Proxecto Elisa
- PFPP
- Contratos Programa
- Seccións Bilingües
- ENAPAS
- Polo Creativos ( solicitado).

Neste documento visualizaranse as estratexias, a os procesos de ensinanza-aprendizaxe necesarios para conseguir un adecuado desenvolvemento da competencia dixital por parte de todos os integrantes da comunidade educativa e do alumnado.

Este Plan Dixital do centro será incorporado os documentos oficiais, contribuíndo a que na Programación Xeral Anual do curso 22/23 aparezan reflexados como un das súas finalidades principais o desenvolvemento e o fomento do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Este obxectivo favorece a consecución dunha formación integral do alumnado e a adquisición das competencias para desenvolverse nun futuro neste mundo dixital no que nos atopamos.

## Breve xustificación do mesmo

En canto a contextualización normativa en relación o Plan Dixital teremos en conta os seguintes documentos:

-Decreto 105/2014, 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, Art 19 Educación Dixital. No que aparece reflexado “ Os centros docentes que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería competente en materia educativa, segundo o procedemento que se estableza”.

-Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

-Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 no que menciona que “ Durante os curso 2021/2022 cada centro elaborará o seu plan dixital”.

-Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

-Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

-Estratexia dixital de Galicia 2030.

## Proceso de elaboración

Para a descrición da organización e do proceso de elaboración do Plan Dixital é importante citar que en Novembro de 2021, a Xunta de Galicia pon en marcha a Rede DixitalGal, constituíndo equipos de apoio dixital aos centros (ADIX). Cada equipo está formado por 3 mentores que serán os encargados de apoiar os centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no deseño, elaboración, dinamización e desenvolvemento do seu Plan Dixital.

Organización das actividades realizadas	Tipoloxía	Temporalización
Rexistro do CEIP Apóstolo Santiago en SELFIE.	Aplicación de datos do centro	1º trimestre
Todo o profesorado de 5º E 6º, con máis dun ano, equipo directivo e alumnado cubrirá a enquisa SELFIE	Información e aplicación na aula	1º trimestre
Realización da enquisa SELFIE.	Aplicación	1º trimestre
Reflexionar sobre os resultados da enquisa SELFIE.	Análise e avaliación.	2º trimestre
Realizar una nova enquisa SELFIE	Análise e reflexión	2º trimestre
Análise dos resultados SELFIE	Análise e reflexión	2º trimestre
Realización do Test de Competencia Dixital e reflexión	Aplicación na aula	2º trimestre
Docencia para o rexistro de datos e elaboración da DAFO	Formación e información	2º trimestre
Rexistro de datos recollidos na BOAR do DAFO	Transferencia de datos	2º trimestre
Realización da DAFO en Microsoft Excell	Análise e reflexión	2º trimestre
Distribución correcta das fortalezas, debilidades, oportunidades e fortalezas.	Intercambio de experiencias do centro e reflexión	3º trimestre
Docencia para o rexistro de obxectivos para o seguinte curso escolar	Formación e información	3º trimestre
Elaboración de táboas onde aparecen estes obxectivos	Aplicación de datos e búsqueda de recursos necesarios a mellorar	3º trimestre

## Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP “Apóstolo Santiago” está situado na zona norte de Santiago. Trátase dun dos lugares máis elevados desta Cidade. A zona na que se atopa é antiga e cunha mínima infraestrutura de accesos viarios aínda que dista só uns trescentos metros do edificio dos Servizos Administrativos da Xunta de Galicia. Podemos dicir que é o centro público máis antigo de Compostela xa que leva funcionando dende o ano 1955.

Trátase dun edificio de dúas plantas e conta cos seguintes espazos: na parte inferior hai tres aulas de Educación infantil, dúas aulas de Educación Primaria ( 1º e 2º), unha aula de Educación Musical, o Departamento de Orientación, a sala de profesorado, os despacho da equipa directiva , o espazo de conserxería, a sala COVID , o local da ANPA, unha zona de almacén , a aula de psicomotricidade e o salón de actos. Próximas a este edificio atopamos as pistas deportivas, o pavillón polideportivo e o ximnasio. Na parte superior atópanse : unha aula de P.T., dúas aulas de A.L, a aula de educación artística e a aula de informática. Nun lateral, repártense as aulas nas que se imparte dende o 3º curso de primaria ata o cuarto curso de primaria, dous pequenos almacéns e dúas aula de usos múltiples. No outro lateral atopamos a biblioteca e as aulas de 5º e 6º de primaria.

Na totalidade da aulas citadas anteriormente nas que se imparte docencia dispónse de PDI e ordenador de sobremesa, mentres que na a aula de informática ten 11 postos con conexión a internet. O estar inmersos no Plan E-dixgal o centro conta 49 dispositivos portátiles miniportátiles para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria. Estes dispositivos atópanse conectados a VPN da Xunta de Galicia aínda que as veces a calidade de este tipo de conexión non é a adecuada.

Ademais, neste curso adxudicáronse 5 portátiles para o profesorado que o solicitou e 3 tablets nas clases de primeiro, segundo e terceiro de EP. É importante mencionar que está xeneralizado o acceso a Aula Virtual Moodle. O centro conta coa súa páxina oficial:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipapostolosantiago/taxonomy/term/108>. Tamén ten acceso a rede Abalar Móvil por parte do profesorado, alumnado e familias. O que facilita as interaccións por parte de toda a comunidade educativa e na cal foise implementado o número de familias a través destes medios.

Neste centro cando algún membro atopa algunha incidencia con respecto aos equipos informáticos é inmediatamente comunicado os integrantes do equipo TIC, que de forma inmediata trata de solucionar esas situacións que se producen a diario nun centro educativo. Ademáis tamén podemos solicitar axuda a un servizo técnico para solucionar avarías así como acudir os responsables de informática da UAC para

resolver dúbidas e obter asesoramento. Ao participar en E-dixgal tamén contamos co soporte Premium que inmediatamente se pon a nosa disposición en caso de ter que resolver algún tipo de incidencia.

## Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO tívose en conta a ferramenta gratuita de autoavaliación SELFIE, que proporciona axuda aos centros educativos para deste xeito integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, a aprendizaxe e a avaliación.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	3,2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	3,5				

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	11	100 %
PROVISIONAL	3	3	100 %
INTERINO	1	2	50 %
SUBSTITUTO	5	7	71,4 %
DESPRAZADO	2	2	100 %

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------



76.2	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a(B1)
------	------------------	------	------------------

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	58.4	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	76	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	10	45,5%
B1	6	27,3%
B2	5	22,7%
C1	1	4,5%
C2		
TOTAL	22	100%

## Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o propio centro educativo xerou unha análise DAFO que permite obter o coñecemento preciso da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>C2 Dispositivos dixitais para o ensino.</li> <li>C3 Acceso a internet.</li> <li>C5 Asistencia técnica.</li> <li>C7 Protección de datos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>C1 Infraestrutura.</li> <li></li> <li></li> <li></li> <li></li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>D1 Necesidades de DPC.</li> <li>D2 Participación no DPC.</li> <li>E1 Recursos educativos en liña.</li> <li>E4 Comunicación con la comunidade</li> <li>F1 Adaptación ás necesidades do alumnado.</li> <li>F3 Fomento da creatividade.</li> <li>F5 Colaboración do alumnado.</li> <li>A3 Novas modalidades de ensino.</li> <li>D3 Intercambio de experiencias.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>B1 Avaliación do progreso.</li> <li>B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>D3 Intercambio de experiencias.</li> <li>E2 Creación de recursos dixitais.</li> <li>E3 Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.</li> <li>F6 Colaboración do alumnado.</li> <li>G1 Avaliación das capacidades.</li> <li>G3 Retroalimentación axeitada.</li> <li>G5 Autorreflexión sobre a aprendizaxe.</li> </ol>

			10. F4 Inclusión do alumnado. 11. B3 Colaboracións.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		1. E2 Creación de recursos dixitais. 2. 3. 4.
	<b>ALUMNADO</b>	1. C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. 2. 3. 4. 5.	
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>	1. A3 Novas modalidades de ensino 2. 3. 4. 5.	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	1. C5 Asistencia técnica. 2. 3. 4. 5.	1. B1 Avaliación do progreso. 2. A1 Estratexia dixital. 3. A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado. 4. 5.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1. C2 Dispositivos dixitais para o ensino, 2. C3 Acceso a internet. 3. C5 Asistencia técnica. 4. 5.	
	<b>LEXISLACIÓN</b>	1. C7 Protección de datos. 2. 3. 4. 5.	
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		1. B3 Colaboracións. 2. C1 Infraestruturas. 3. 4. 5.

Para o primeiro punto de partida a hora de concretar o Plan de Acción tivemos que ter en conta ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, Test CDD, DAFO así como os recursos, tanto materiais como humanos (segundo a conectividade, os recursos tecnolóxicos e servizos dixitais). Unha vez representados todo este tipo de información e datos dunha forma clara e concisa fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados anualmente.

## Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción tivemos que ter en conta previamente a análise DAFO: documento que serve para organizar a información xerada obtida a partir da análise da situación presente (SELFIE) nunha táboa de dobre entrada que sitúe esta información en función das limitacións (Debilidades e Ameazas) e as potencialidades (Fortalezas e Oportunidades). Este serviunos o equipo do Plan dixital para atopar as carencias do centro e así poder reflexionar e poñernos en marcha para establecer os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que consideramos máis importantes e que pretendemos conseguir para o curso 2022-2023. A continuación podemos observar este obxectivos, indicadores, valores, accións, persoas responsables, temporalización e os recursos necesarios. A través da análise obxectiva desas catro variables (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) poderemos determinar con exactitude o plan estratéxico máis adecuado para o noso obxectivo. As fases foron as seguintes: 1º) Análise Interna e Externa 2º) Confección da DAFO 3º) Estratexia para utilizar 4º) Toma de decisións

Tendo en conta a toda a comunidade educativa, os recursos cos que conta o centro e as súas carencias propuxemos os seguintes obxectivos:

- Na área E. Pedagogía: Apoios e recursos:

Obxectivo 1.- Potenciar o uso da Aula Virtual nos cursos de EI e 1º-4º de EP( E3:Emprego de EVA). Co que pretendemos que o emprego da ferramenta da AV por parte dunha alta porcentaxe do profesorado de 1º-4º de EP. No que o valor de partida: 20% do profesorado de 1º-4º de EP emprega a AV e o valor previsto sería: 90% do profesorado de 1º-4º de EP empregará a AV ó final de curso

Obxectivo 3.- Crear actividades dixitais para levar a cabo na aula ( E2 Creación de recursos dixitais). Tendo que elaborar desta forma recursos dixitais creados por trimestre/ ciclo. No que o valor de partida sería : 1 recursos dixitais creados por trimestre/ ciclo e o valor previsto e data serían: 2 recursos dixitais creados por trimestre/ ciclo

- Na área G. Prácticas e avaliación:

Obxectivo 2 : Utilizar a Aula Virtual/Edixgal ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña. ( G1: Avaliación das capacidades). Centraríase na cantidade de probas creadas en Aula Virtual Moodle/Edixgal cun valor de partida do : 10% do profesorado de 1º-6ºde EP crea probas na AV/Edixgal e un valor previsto e data: 50% do profesorado de 1º-6ºde EP crea probas na AV/Edixgal

### **Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

En canto as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas consideramos de suma importancia mellorar o audio das pizarras dixitais das aulas de educación infantil así como a súa conectividade a internet. Tamén mencionar a mellora dos ordenadores da aula de informática así como a mellora da conectividade a internet na planta superior do CEIP Apóstolo Santiago. Este ano solicitouse o proxecto “ Polo Creativos” polo que esperamos acadar os beneficios que nos pode aportar para poder progresar e actualizarse neste mundo dixital que nos atopamos. Para finalizar gustaríame destacar a importancia de poder obter unha maior formación para deste xeito desenvolverse moito mellor nun ámbito esencial para o noso traballo.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": " E: Pedagogía: apoios e recursos						
<b>OBXECTIVO 2 (3):</b>	Potenciar o uso da Aula Virtual nos cursos de EI e 1º-4º de EP( E3:Emprego de EVA)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Emprego da ferramenta da AV por parte dunha alta porcentaxe do profesorado de 1º-4º de EP					
<b>Valor de partida (3)</b>	20% do profesorado de 1º-4º de EP emprega a AV					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	90% do profesorado de 1º-4º de EP empregará a AV ó final de curso			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Actividades formativas sobre a AV (5/6 horas)</b>	Persoal do equipo TIC	1º trimestre	Persoal externo en caso de que os/as docentes do centro non contén coa formación adecuada. Visionado de tutoriais para o uso da AV	O 90% do profesorado de 1º-4º de EP participou na actividade	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Subir un mínimo de contidos en cada materia</b>	Profesorado de 1º a 4º de EP	3º trimestre	Páxina do centro. Un pc por aula. Visionado de tutoriais para o uso da AV	O 90% do profesorado de 1º-4º de EP subir á contidos de cada materia na AV	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Uso da aula virtual por parte do alumnado</b>	Persoas titoras e alumnado de 1º a 4º	3º trimestre	Aula de informática do centro e conectividade.	O 75% do alumnado de 1º-4º de EP accederá regularmente á AV	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": G: Prácticas de avaliación						
<b>2 . OBXECTIVO (1):</b>	Utilizar a Aula Virtual/Edixgal ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña. ( G1: Avaliación das capacidades)				Acadado	( 1 )
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadores/as de ciclo				Non acadado	( 2 )
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Cantidade de probas creadas en Aula Virtual Moodle/Edixgal					
<b>Valor de partida (3)</b>	10% do profesorado de 1º-6ºde EP crea probas na AV/Edixgal					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do profesorado de 1º-6ºde EP crea probas na AV/Edixgal			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES(6)	DATA PRVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO2.1: Formación sobre probas en Aula Virtual para avaliar ao alumnado:</b>	Persoal do equipo TIC	Inicio do 1º trimestre	Persoal externo que imparta a formación. AV/Edixgal	O 90% do profesorado de 1º-6º de EP participou na actividade	Realizada	( 3 )
					Aprazada	( 4 )
					Pendente	( 5 )
<b>AO2.2: Matrícula do alumnado na AV Moodle e/ou Edixgal do centro.</b>	Persoas titoras de cada aula de 1º a 6º EP	Inicio do 1º trimestre	PC AV/ Edixgal	O 100% do profesorado de 1º-6º de EP matriculará ó alumnado	Realizada	( 6 )
					Aprazada	( 7 )

					Pendente	8
<b>A02.3: Creación de probas en entorno Moodle/Edixgal</b>	Persoas titoras e alumnado de 1º a 6º	3º Trimestre	Aula de informática do centro e conectividade.	O 75% do alumnado de 1º-4º de EP accederá regularmente á AV	Realizada	9
					Aprazada	10
					Pendente	11

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos.						
<b>3 . OBXECTIVO (1):</b>	Crear actividades dixitais para levar a cabo na aula ( E2 Creación de recursos dixitais).				Acadado	1
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro/ Xefatura de Estudos				Non acadado	2
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos dixitais creados polo profesorado					
<b>Valor de partida (3)</b>	1 recursos dixitais creados por trimestre/ ciclo					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 recursos dixitais creados por trimestre/ ciclo			30/06/ 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
					SEGUIMENTO DA ACCIÓN	

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>A03.1: Solicitude e creación dun PFP cunha creación de recursos dixitais.</b>	Equipo Directivo Asesoría CAFI/CFR Persoa coordinadora do PFP	1º trimestre	Solicitude Conexión á internet Ordenador/-es	Crearase un GT con menos ou ata o 50 % do profesorado	Realizada	(1)
					Pendente	(3)
						(2)
<b>A03.2: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP</b>	Profesorado que pertence ó PFP	2º e 3º trimestres	Conexión á internet Ordenador/-es	Entre 1-6 recursos creados.	Realizada	(4)
					Aprazada	(5)
					Pendente	(6)
<b>A03.3: Subida á AV/Edixgal de recursos dixitais en EP</b>	Persoas titoras e de 1º a 6º	3º Trimestre	PC de aula e conectividade.	Subiranse entre 1-6 actividades á AV/Edixgal	Realizada	(7)
					Aprazada	(8)
					Pendente	(9)
<b>A03.4: Uso dos recursos dixitais na aula de infantil</b>	Profesorado e alumnado de infantil	3º Trimestre	Conectividad, PC e PDI	O 90% do alumnado de EI fara uso dos recursos dixitais na aula	Realizada	(10)



						Aprazada	( 1 1 )
						Pendente	( 1 2 )

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## Avaliación do plan

Debido a suma importancia da actualización de contidos e recursos informáticos así como os cambios constantes que sofren todo este tipo de recursos levaremos a cabo unha revisión constante. Para o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos levaremos a cabo unha avaliación procesual a como mínimo unha vez ao trimestre por parte do equipo do Plan Dixital, o Claustro e o Equipo Directivo. Trataremos determinar e avaliar a consecución dos obxectivos propostos e aspectos como a realización das accións, a reflexión, o análise así como a valoración dos resultados e, determinar cambios ou modificacións de mellora no caso de que fose necesario.

En canto a avaliación final levarase a cabo como mínimo unha vez ao ano. No que se determinará o grao de consecución dos obxectivos finais e as propostas a mellorar no centro educativo. Terase en conta as aportacións dos equipos docentes e as propostas de mellora mencionadas anteriormente servirán como punto de partida para a actualización do Plan de cara o curso seguinte.

## Difusión do plan

Para a difusión do Plan Dixital entre toda a comunidade educativa do CEIP Apóstolo Santiago empregando a páxina web do centro, o correo electrónico corporativo así como os tablóns situados na entrada do centro para promover a realidade dixital na que atopamos inmersos e que continuamente atópase nun cambio constante no que hai que resaltar o feito de ir actualizándose a diario.

Dito Plan Dixital formará parte do Proxecto Educativo, do Plan Xeral Anual (PXA) e do Proxecto de Dirección.

